

MANUAL BÁSICO DE WIKISPACES



MIGUEL MOURÓN REGUEIRA

Índice de contido

| | |
|--|----|
| 1.- Introducción..... | 3 |
| 2.- Alta en wikispaces..... | 3 |
| 3.- Creando o primeiro Wiki..... | 5 |
| 4.- Editando a primeira páxina..... | 6 |
| 5.- Invitando a outros editores..... | 8 |
| 5.1.- Modificando os permisos da wiki..... | 8 |
| 5.2.-¿Como fago para ter máis membros (editores) no Wiki?..... | 11 |
| 6.- Creando e editando novas páxinas..... | 14 |
| 6.1.- Editando o menú de navegación..... | 17 |
| 6.1.1.- Editando o menú de xeito gráfico..... | 19 |
| 6.1.2.- Creando o menú de xeito manual..... | 22 |
| 7.- Engadindo enlaces..... | 24 |
| 7.1.- Enlaces externos..... | 24 |
| 7.2.- Enlaces internos..... | 27 |
| 8.- Revisar os cambios na páxina..... | 32 |
| 8.1.- Control de revisións..... | 32 |
| 8.2.- Desfacendo os cambios..... | 34 |
| 8.3.- Discutindo cambios..... | 35 |
| 9.- Engadindo diferentes contidos..... | 38 |
| 9.1.- Engadindo ficheiros locais..... | 38 |
| 9.2.- Engadindo imaxes de internet..... | 40 |
| 9.3.- Engadindo widgets..... | 43 |
| 10.- Cambiando o aspecto da nosa wiki..... | 48 |
| 10.1.- Cambiando o logo..... | 48 |
| 10.2.- Cambiando o tema..... | 51 |
| Apéndices..... | 54 |
| A1.- Bloqueo de páxinas..... | 54 |
| A2.- Wikitexto..... | 55 |
| A3.- Modelos..... | 60 |

1.- Introducción.

Unha *wiki* é un sitio web no cal as páxinas do mesmo poden ser editadas por varios usuarios de xeito simultáneo.

É útil para os traballos colaborativos xa que permite traballar a cada editor de xeito independente si o desexa ou levar unha discusión dos temas a editar para chegar a un acordo. Ademais leva un control de revisións que nos permite poder recuperar versións antigas das nosas páxinas despois de telas modificado.

Neste manual imos a traballar con *wikispaces*. Existen moitos sitios web que nos permiten traballar con Wikis, pero *wikispaces* ten a vantaxe de ser bastante coñecido, polo que a documentación e axuda que podemos atopar en foros é abundante se temos algún problema e ademais a curva de aprendizaxe non é moi pronunciada.

2.- Alta en wikispaces.

O primeiro que debemos facer é crear unha conta no sitio. Para iso entramos na páxina <http://www.wikispaces.com/> :

Wikispaces Education Business Personal

Already have an account? [Sign in.](#)

Teachers work hard. Give them software that isn't hard work.

A Wikispaces Private Label Education site for your school or district provides the support teachers need to spend more time with their students and less time wrestling with their tools.

Tell me that doesn't sound good.

Teachers & Students
Learn more, sign up, and get started with your own classroom wiki.
Teachers Students

Schools & Districts
Take a look at Wikispaces Private Label and start your free trial.
Sites for K-12

Universities
Explore Wikispaces Private Label and start a free trial in your university.
Sites for Higher Ed

What is a "wiki"?


Na parte superior dereita vemos un enlace que pon **“Sign In”**. Ó pulsar nel aparece a pantalla de inicio de sesión:

Si xa temos a conta creada soamente poremos os nome de usuario e contrasinal e pulsaremos en **“Iniciar sesión”**. No noso caso queremos crear unha nova conta polo que pulsaremos no enlace que aparece arriba co texto **“Crear una cuenta Wikispaces nueva”**. Na pantalla que se abre cubriremos os campos requiridos:

Agora pulsaremos no botón **“Únete”**. Unha vez feito iso aparecerá a nosa páxina de Wikispaces. Nesa páxina podemos crear xa un novo Wiki pulsando no enlace **“Cree un nuevo wiki ahora”**

3.- Creando o primeiro Wiki

Ó premer no enlace indicado na imaxe anterior aparecerá a seguinte pantalla:



The screenshot shows the Wikispaces user interface for creating a new wiki. At the top, there is a search bar labeled 'Search Wikispaces'. Below it, a navigation menu includes 'Dashboard', 'New Wiki' (highlighted), 'Ajustes', and a notification icon with '0'. The main heading is 'Crear un nuevo wiki'. The form contains three sections: 1. 'Nombre del wiki' with a text input field containing a cursor and '.wikispaces.com' to its right, and a note 'Elija un nombre que tenga entre 3 y 32 caracteres.' 2. 'Your Industry' with a dropdown menu and a note 'Opcional: Ayúdenos a entender cómo usted utiliza Wikispaces.' 3. 'Tipo de Wiki' with two radio button options: 'Basic wiki' (selected) with the subtext 'Classic wiki functionality', and 'Editable website' with the subtext 'Looks like a website, configured like a wiki.' At the bottom left of the form is a 'Crear' button.

Onde poremos os datos que queiramos:




This screenshot is identical to the previous one but with data entered into the form. The 'Nombre del wiki' field now contains 'wiki-probas'. The 'Your Industry' dropdown menu is still empty. The 'Basic wiki' radio button remains selected. The 'Crear' button is still visible at the bottom left.

Neste caso o enlace ó wiki será <http://wiki-probas.wikispaces.com> (o sistema avisaranos si tentamos usar un nome xa en uso e teremos que probar con outro). Por outra banda eu puxen o tipo de Wiki en *Basic wiki*.


Unha vez creado o Wiki pode empezar a editalo si o desexamos.

4.- Editando a primeira páxina.

Nada máis entrar no wiki recién creado aparécenos esta pantalla:




Esta será a páxina home do noso sitio. É dicir, a primeira páxina que verá a xente cando acceda á dirección que puxemos ó crear a wiki. Se prememos no botón *Editar* que se indica na imaxe de arriba apareceranos o editor de *wikispaces* para modificar esta páxina:




Vemos que é un editor similar ó que podemos ver en moitos blogs ou programas de

escritorio. Podemos escoller o tamaño da letra, se queremos aplicar efectos (subliñado, cursiva, ...).

Modifiquemos entón un pouco a nosa páxina:



Unha vez modificado o texto prememos no botón *Save* e xa aparecerá a nosa páxina modificada:




Hasta o de agora é moi similar a traballar con outro tipo de páxinas, coma *blogs* ou similares. Pero como dixemos antes, a característica principal dunha *wiki* é o de poder ter varios editores que a modifiquen de xeito concorrente.

5.- Invitando a outros editores.

Acabamos de crear o noso Wiki e queremos que outras persoas nos axuden a introducir contidos. Para iso temos varias opcións. A primeira delas é facer a nosa *wiki* **pública**. Dese xeito calquera persoa que chegue a ela pode editar o seu contido. É un xeito sinxelo de conseguir moitos editores, pero implica un certo descontrol sobre os contidos, xa que calquera que entre pode modificalos.

Si queremos un pouco máis de control podemos facer a nosa *wiki* **protexida**. Deste xeito calquera persoa podería visitala, pero unicamente os *membros* da mesma poderán editala (xa veremos como engadir membros editores).

Outra opción é poñer a nosa *wiki* como **privada**. Dese xeito unicamente os *membros* da *wiki* poderán ver o seu contido ou editalo. Esta é a opción que se configura por defecto. Si alguén tentase agora mesmo ver a nosa *wiki* atoparía isto:




Vemos que alguén tentou acceder á nosa *wiki* e lle pide que ingrese con un contrasinal para poder vela. Si queremos que a nosa *wiki* sexa visible a todo o mundo debemos modificar a propiedade de **privada** e escoller unha das outras.

Sería interesante poñer a nosa *wiki* como **Protexida** (ou incluso pública) si queremos que os usuarios anónimos a poidan ver. O problema é que de fai un tempo para aquí *wikispaces* incluíu un sistema de *verificación* de contas que impide que cambiemos os permisos da conta cunha *wiki* gratuíta.

Vexamos igual como se facería e explicamos como activar a nosa *wiki* con outra subscripción.

5.1.- Modificando os permisos da wiki

Na imaxe anterior podemos ver na parte dereita un menú cunha serie de opcións. Nese menú escollemos a opción *Administrar wiki* e aparecerá a seguinte pantalla:



Nesa pantalla prememos en *Permisos* e vemos o seguinte:

Permisos del Wiki

Público
Todos, incluyendo visitantes anónimos, pueden ver y editar páginas.
 Permitir mensajes y comentarios de no miembros.
You must [verify your account](#) to change the permissions to Public

Protegido
Todos pueden ver las páginas, pero sólo los miembros del wiki pueden editarlas.
 Permitir mensajes y comentarios de no miembros.
You must [verify your account](#) to change the permissions to Protected

Privado
Solo los miembros de este wiki pueden ver y editar páginas.

Personalizados
Definir permisos personalizados
Custom permissions are part of our Super plan, [upgrade today](#) starting at \$20 per month! ★

Actualizar

Vemos que está seleccionada la opción **Privado**. Hacemos *click* en **X** vermella ó lado de **Protegido** para seleccionar esa opción, pero cando o fagamos levaranos a esta páxina:

Wikispaces

Search Wikispaces

Dashboard New Wiki Ajustes 0

My Account

Account Verification

In order to create publicly viewable wikis, your account must be verified. We perform this verification to prevent spammers from abusing Wikispaces and doing really bad things on the Internet. Once you are verified, you can create as many publicly viewable wikis as you'd like.

You can read more about this process at our [blog](#).

Here's how you can verify your account:

One Time Payment

Verify your account by making a one-time payment of \$1.

[Buy now](#)

Start a Wikispaces Subscription

By starting a Plus or Super wiki subscription, we'll verify your account. [Upgrade wiki-probas now](#).

Contact Us

Got a question? [Contact us anytime](#). We are happy to help.

Nela podemos ver que se nos pide un pago único de 1\$ para verificar a nosa conta. Outra opción que temos si queremos obter de xeito gratuito eses permisos é actualizar a nosa subscripción. Prememos no enlace sinalado na imaxe anterior e aparecerá esta pantalla:

Elevar de categoría agora!

| | Basic | Plus | Super |
|-----------------------|--------------|-----------------------------------|-------------------------------------|
| | Your Plan | Try For 30 Days! | Try For 30 Days! |
| Price | FREE | \$5 / month \$50 / year | \$20 / month \$200 / year |
| Number of members | 5* per wiki | Unlimited | Unlimited |
| Total File Storage | 0.5 GB | 2 GB | 5 GB |
| Per-File Maximum Size | 10 MB | 20 MB | 50 MB |
| | Your Plan | Try For 30 Days! | Try For 30 Days! |

Actualizaciones complementarias para educadores

Wikispaces ofrece un servicio complementario Plus gratis para algún wiki usado exclusivamenete para la enseñanza.

[Solicitar su wiki de plan de educación primaria o secundaria gratis.](#)

[Solicitar su wiki de plan de enseñanza superior gratis.](#)


Premendo no enlace que aparece abaixo solicitaríamos un plan para educadores que nos permite crear unha *wiki* na que podemos modificar eses permisos para facela visible.

Para este curso non imos a modificar os permisos xa que non nos fai falta, pero sabemos que temos esa posibilidade si o desexamos.

O que nos falta agora é invitar a outros editores para que poidan ver e modificar a *wiki* con nós.

5.2.-¿Como fago para ter máis membros (editores) no Wiki?

Volvendo á pantalla de *Administrar wiki* que xa vimos antes buscamos agora un botón que pon *Invitar a personas*.



Aquí existe unha opción para invitar a membros novos para o Wiki: **“Invitar a personas”**. Pulso nela e aparece a seguinte pantalla:

The image shows a screenshot of the 'Invitar a personas' dialog box. At the top, there is a notification: 'Your plan is limited to 5 members. Upgrade to unlimited users now.' Below this, there is a section titled 'Enviar a' with a text input field labeled 'Usernames or Email Addresses'. Below the input field, there is a note: 'List up to 100 email addresses or usernames using commas or linebreaks.' Below this, there is a section titled 'Su mensaje' with a text area containing a pre-written invitation message: 'I've made a wiki on Wikispaces that I'd like to share with you. You'll be able to easily edit pages, upload files, and join our discussions. It is a private site, so you'll need to make an account at the link above to see it. I hope you'll join us!'. At the bottom left, there is an 'Enviar' button.

Nesa pantalla poñemos as direccións de correo dos usuarios ós que queremos invitar a colaborar na nosa *wiki* e dámoslle a enviar.

A persoa invitada recibirá un correo electrónico avisándolle da nosa invitación e terá un enlace para aceptala (e outro para declinala se o desexa):

wiki-probas Membership

You've been Added

mikx0 has added you to the "wiki-probas" wiki.

To join the wiki, please visit: <http://www.wikispaces.com/#/c/1pENeFGfxl9Of5pyUZnbn>

To decline the invitation, visit: <http://www.wikispaces.com/#/c/5HsaO0Bq5GeLwzdUY61PAo>

Below is a message from mikx0:

I've made a wiki on Wikispaces that I'd like to share with you. You'll be able to easily edit pages, upload files, and join our discussions. It is a private site, so you'll need to make an account at the link above to see it. I hope you'll join us!

Thanks,
The Wikispaces Team
help@wikispaces.com

Getting Started Tips

[Watch our tours](#) to learn the basics of working in Wikispaces.


Need assistance?

Contact us at
help@wikispaces.com

Facendo *click* nese enlace aceptamos a invitación e lévanos á páxina de *wikispaces*. Si temos unha conta iniciamos sesión con ela e xa podemos comezar a editar. Si non a temos podemos creala seguindo os pasos vistos antes e logo comezaremos a editar.

Si temos unha *wiki* educativa que sexa pública para as visitas por parte de terceiros, esas persoas que nos visitan poderían solicitar eles mesmos a inclusión coma editores na nosa *wiki*. Poderían facer *click* no botón que pon *Únete* na parte de arriba da *wiki*:

Ó facer *click* nese botón saíralle unha páxina para que se rexistren ou inicien sesión si non o fixeron xa e logo pasarán a páxina de solicitude de colaboración na nosa *wiki*.



Podemos poñer unha mensaxe si queremos e logo pulsamos en **“Solicitar Membresía”**. Entraremos no Wiki pero aínda non seremos membro polo que si está protexido para os membros non poderemos editar.

Cando un administrador do Wiki inicie sesión poderá aceptarnos e xa seremos membros do Wiki:




6.- Creando e editando novas páxinas.

Xa vimos nun apartado anterior como se editaba unha páxina (nada máis crear a *wiki*). Vexamos agora un pouco máis a fondo como traballar co noso novo sitio engadindo novas páxinas e editándoas.

Ó entrar na nosa *wiki* podemos ver a páxina *home* da mesma. Víamos antes que premendo no botón *Editar* podíamos modificar o contido desa páxina. Vexamos agora como crear outra páxina

no noso sitio.

Na parte dereita da pantalla volvemos ó menú que xa coñecemos e buscamos a opción que pon *Pages and Files*:



Prememos no símbolo + sinalado na imaxe anterior e apareceranos unha pantalla con varias opcións:




Vemos que podemos inserir unha nova páxina (coa opción marcada arriba que pon *New Page*). As outras opcións serven para inserir un documento de *Google Docs* (unicamente dispoñible na versión de pago de *wikispaces*), subir un ficheiro (opción que veremos máis adiante) e crear unha *plantilla*, que veremos logo como utilizar.


Comecemos por crear a nosa nova páxina. Para iso introduciremos o nome da mesma e, se o desexamos, unhas etiquetas para clasificala. Podemos fixarnos que o nome que lle poñamos será o que usaremos para acceder á mesma. Podemos velo na seguinte imaxe:



Unha vez introducido o nome prememos no botón *Crear* e saltaranos inmediatamente a pantalla de edición da mesma:



Editamos o contido desta páxina e prememos en *Save* para salvalo.



Ó crear a nova páxina veremos que na parte dereita da pantalla, no menú que estamos a usar para administrar a *wiki* e crear novas páxinas, apareceu unha entrada para poder acceder á que acabamos de crear:




Todas as páxina que creemos aparecerán nese menú. Ó mellor non nos interesa que iso sexa así, xa que pode que teñamos moitas páxina e unicamente queiramos amosar unhas poucas no menú de navegación (as máis importantes e que nos darán acceso ás outras) para facelo máis curto. Existen formas de filtrar ese menú para que non amose todas as páxinas, pero en lugar diso imos a crear un menú de navegación propio dende cero.

6.1.- Editando o menú de navegación


Para editar o menú de navegación imos primeiro a crear unha serie de páxina de exemplo e ver como se amosan todas no menú que temos por defecto. Logo crearemos un menú personalizado no que amosaremos unicamente as que nos interesan.

Así, creamos unha páxina con un pequeno contido para a nosa *wiki* e vemos que, unha vez creadas, aparecerán nese menú lateral:




Podemos ver que, despois de engadir unha serie de páxinas, aparecen todas no menú de navegación lateral. Por defecto aparecen por orde alfabético, o que pode que non nos interese.

Ademais moitas desa páxina seguramente serán accesibles desde outras, polo que ó mellor non é necesario amosar todas no índice. Por exemplo, das páxinas que vemos creadas na imaxe anterior, a páxina chamada *Administrando a wiki* ten o seguinte contido:



Vemos que esta páxina ten un pequeno listado das accións de administración que imos a expoñer no noso sitio. Pois ben, se esa lista de opcións a convertemos en enlaces que apunten as páxinas asociadas con eses temas, esas páxinas non necesitan estar no menú. Con poñer a amosada na imaxe anterior xa abundaría.

O mesmo pasa coa páxina *Editando contido*. Se entramos nela podemos ver que ten o seguinte:



Faremos entón un menú que conteña unicamente tres entradas: a páxina *home* do noso sitio e as dúas páxinas anteriores. Para acceder ó resto dos contidos poderémolo facer a través desas dúas.


Hai dúas formas de conseguir iso, unha menos configurable pero que facemos de xeito gráfico (usando as opcións que nos ofrece *wikispaces*) e outra na que debemos crear o menú a man, pero coa que podemos “personalizar” un pouco o estilo do mesmo.

Vexamos primeiro a forma gráfica.


6.1.1.- Editando o menú de xeito gráfico.

Para editar o menú de xeito gráfico faremolo en dous pasos. Primeiro crearemos o menú que nós queremos e logo ocultaremos o resto das páxinas.


Para engadir o noso menú faremolo usando a opción para engadir *tags* que temos no menú de navegación actual:



Nese espazo escribiremos o nome do noso menú, por exemplo *Índice* e premeremos en *Añadir*. Veremos que nos aparece unha nova entrada cunha pequena frecha á esquerda co nome que puxemos:



Agora debemos ir ó menú de administración do contido que podemos ver se prememos en *Administrar wiki* no menú lateral. Aparecerá o seguinte:



Premeremos na opción *Pages and Files* e veremos a seguinte pantalla:

Pages and Files

New Page Subir archivos Etiquetas

Búsqueda Desbloquear Bloquear Cambiar Etiquetas Eliminar

| | Nombre | Tamaño | Tipo | Última modificación por | Fecha |
|--------------------------|-----------------------|--------|------|-------------------------|-------------------|
| <input type="checkbox"/> | Administrando a wiki | | | mikx0 | 16 minutes ago |
| <input type="checkbox"/> | Administrar o contido | | | mikx0 | 30 minutes ago |
| <input type="checkbox"/> | Cambiar o logotipo | | | mikx0 | 31 minutes ago |
| <input type="checkbox"/> | Cambiar o tema | | | mikx0 | 29 minutes ago |
| <input type="checkbox"/> | Crear unha páxina | | | mikx0 | 26 minutes ago |
| <input type="checkbox"/> | Editando contido | | | mikx0 | 27 minutes ago |
| <input type="checkbox"/> | Engadir ficheiros | | | mikx0 | 23 minutes ago |
| <input type="checkbox"/> | Engadir imaxes | | | mikx0 | 22 minutes ago |
| <input type="checkbox"/> | home | | | mikx0 | Yesterday 5:44 pm |
| <input type="checkbox"/> | Incrustar elementos | | | | |

Filter by Type
Todos

Filter by Status
Activo

RSS
Important:
This RSS feed should not be shared with others. It is specific to your account and may contain private information.


Inicio del wiki
Cambios Reciente
Pages and Files
Miembros
Administrar wiki
Buscar wiki
All Pages
Administrando a w
Administrar o cont
Cambiar o logotipo
Cambiar o tema
Crear unha páxina
Editando contido
Engadir ficheiros
Engadir imaxes
Incrustar elemento
Introducion
Invitando a usuario
Modificar unha páx
home
Índice
Navigation Options
 Show All Page
Add Tag
editar navegad

Nela podemos ver todas as páxinas da nosa *wiki*. Agora unicamente debemos atopar as páxinas que nos interesan que pertencen ó índice e *etiquetas* co nome do noso índice. Neste caso son tres, a páxina *home* e as páxinas *Administrando a wiki* e *Editando contido*. Vexamos como engadirlle esa etiqueta.

Movemos o rato para encima dunha das páxinas que nos interesa e veremos que aparecen unhas opcións na mesma:



Vemos que na parte de abaixo pon *ninguno/a* e un pequeno botón que pon *editar*. Pois ben, o que nos está a indicar é que esa páxina aínda non ten ningunha etiqueta e que podemos editar as mesmas. Prememos no botón *editar* e aparecerá o seguinte:




Agora escribiremos a nosa etiqueta nese espazo e premeremos en *Guardar*.




Podemos introducir máis dunha etiqueta na mesma páxina se o desexamos, unicamente deberemos separalas por comas. Neste exemplo chéganos con esa.


Unha vez gardada a etiqueta, se volvemos ó menú de navegación poderemos ver como está engadida esa páxina no noso novo apartado:




Facemos o resto coas outras páxinas que queremos no índice:




Agora co rato podemos arrastrar os elementos para colocalos na orde desexada:



Agora que temos o noso índice vamos a ocultar o que nos creou *wikispaces* de xeito automático. É moi sinxelo, unicamente debemos buscar unha opción na parte de abaixo do menú que pon *Show All Pages* e desmarcala:



Unha vez desmarcada esa opción vemos que o menú lateral queda do seguinte xeito:




Agora cando vaiamos engadindo páxinas á nosa *wiki* o único que teremos que facer é etiquetar coa etiqueta *Índice* as que desexemos que aparezan no menú.

Este xeito de crear un menú é sinxelo e permítenos crear máis dun menú na nosa *wiki* (unicamente debemos crear máis etiquetas), pero é pouco configurable. Vexamos outro xeito de crear o noso menú.


6.1.2.- Creando o menú de xeito manual.

A creación do menú de xeito manual da un pouco máis de traballo, pero permítenos axeitálo máis ós nosos gustos, engadindo iconas, tipos de letra ou outros elementos que o fagan máis agradable.

Para a creación do menú deste xeito eliminaremos o menú que nos pon *wikispaces* por defecto e crearemos un propio. Para iso, no menú que temos agora mesmo na parte dereita da páxina, buscamos unha opción que pon *editar navegación* abaixo de todo e prememos nela:




Unha vez prememos nesa opción aparécenos unha pantalla similar á que vemos cando estamos a editar unha páxina:




Nesa pantalla de edición vemos un elemento xa colocado que pon *Include navigation*. Ese é o menú que inclúe *wikispaces* por defecto. Premeremos encima del e eliminarémolo (premando o botón *Supr* no teclado ou facendo *click* con botón dereito do rato e escollendo *Eliminar*).

Unha vez eliminado ese elemento, se salvamos a páxina e regresamos á páxina principal poderemos ver que desapareceu o menú de navegación que tiñamos.



Volvemos a premer en *editar navegación* e comezamos a crear o noso propio menú. Para iso escribiremos o texto que queremos que apareza nel (agora poderemos usar estilos de texto e diferentes tamaños ou incrustar imaxes):



Unha vez editada a páxina salvámola e vemos como aparece o noso menú de navegación:



Polo de agora vemos que este menú danos máis liberdade á hora de crealo que o anterior, pero ten un pequeno problema: os enlaces non funcionan. No anterior, cando facíamos *click* nun dos menús levábanos á páxina desexada, pero neste caso non. Debemos entón engadir os enlaces a man. Isto verémolo no seguinte apartado.


7.- Engadindo enlaces.

Dentro das nosas páxinas podemos engadir enlaces a outras páxinas. *Wikispaces* ofrécenos dúas posibilidades, engadir enlaces a páxinas externas (sitios distintos ó noso, coma a *wikipedia*, por exemplo), ou páxinas internas da nosa propia *wiki*.


Vexamos como engadir un enlace externo.

7.1.- Enlaces externos.

Editemos por exemplo a nosa páxina *home*. Nela podemos ver o seguinte contido:




Prememos no botón *Editar* para modificala e vamos a engadir un enlace. Poremos un enlace a unha páxina da *Wikipedia*, por exemplo. Editamos a nosa páxina *home* e engadimos o seguinte texto:




Agora queremos que cando alguén entre na nosa páxina e prema sobre a palabra *wiki* que aparece ó final da segunda liña se lle abra no navegador a páxina da *Wikipedia* sobre as *wikis*.


Para iso seleccionamos a palabra que queremos converter en enlace e prememos no botón que pon *Link* na barra de ferramentas:



Unha vez prememos ese botón aparecerá o seguinte:



Prememos na parte esquerda onde pon *Web Address* e veremos o seguinte:




The screenshot shows a dialog box titled "Enlace" with a close button (X) in the top right corner. On the left, there is a vertical menu with three options: "Página o archivo", "Web Address" (which is highlighted in blue), and "Dirección de correo electrónico". To the right of this menu, there are three input fields: "Texto del enlace" containing the text "wiki", "Nueva ventana" with an unchecked checkbox, and "Dirección" which is currently empty. At the bottom right of the dialog, there are two buttons: "Add Link" and "Cancelar".

Na parte que pon *Texto del enlace* aparecerá o texto que se vai a ver na nosa páxina para que ó premer nel nos leve ó destino do enlace. Como neste caso nós tiñamos seleccionada a palabra *wiki* aparece xa posta. Si queremos podemos poñer calquera texto e ese texto engadirase na nosa páxina. Neste caso deixamos ese campo tal e como está.


Na parte donde pon *Dirección* debemos pegar a dirección á que queremos ir cando premamos no enlace. Neste caso será a páxina da *Wikipedia* que nos interesa.

A opción *Nueva ventana* indica si queremos que a nova páxina se abra na mesma fiestra do navegador que o usuario está a usar para ver o noso sitio ou si queremos que se abra nunha nova. Neste caso marcaremos que queremos que se abra nunha nova para que o usuario non *perda de vista* o noso sitio. Todo iso quedará deste xeito:



This screenshot is similar to the previous one, but with some changes. The "Nueva ventana" checkbox is now checked. The "Dirección" field now contains the URL "http://es.wikipedia.org/". A red arrow points from the bottom right towards the "Add Link" button. The "Add Link" and "Cancelar" buttons remain at the bottom right.

Prememos agora no botón *Add Link* e volveremos á nosa páxina xa co enlace listo:



Agora prememos o botón *Save* para gardar os cambios da nosa páxina.

Si agora prememos nesa palabra vemos que se nos abre a páxina da *Wikipedia* nunha nova fiestra:




Vemos que engadir un enlace externo é sinxelo. Vexamos como engadir un enlace interno á nosa propia *wiki*.

7.2.- Enlaces internos.


Un enlace interno é o que apunta a unha páxina do noso propio sitio. Fanse de xeito similar ós enlaces externos. Vexamos os pasos para conseguilo.

Si nos lembramos, cando creamos o menú tiñamos o problema de que os textos non tiñan ningunha función: ó facer *click* neles non nos levaban ó destino desexado. Aproveitaremos o tema dos enlaces internos para engadirlle funcionalidade ó noso menú.

O primeiro que debemos facer é editar o noso menú de navegación. Para iso, si nos lembramos, deberíamos ir ó enlace que aparece abaixo de todo no menú da dereita e que pon *editar navegación*. Unha vez que prememos nese enlace aparecerá a seguinte pantalla:



Comezemos pola *Paxina principal*. Queremos que apunte á páxina *home* do noso sitio. Seleccionamos entón o texto e prememos no botón *Link* (igual que fixemos cos enlaces externos):




Unha vez pulsado ese botón aparecerá a seguinte pantalla:


A screenshot of the 'Enlace' (Link) dialog box. The dialog has a title bar with 'Enlace' and a close button. On the left, there is a sidebar with options: 'Página o arquivo' (selected), 'Web Address', and 'Dirección de correo electrónico'. The main area contains the following fields: 'Texto del enlace' with the value 'Páxina principal'; 'Nueva ventana' with an unchecked checkbox; 'Wiki' with a dropdown menu showing 'wiki-probas'; and 'Nombre de Página' with a dropdown menu showing 'Páxina principal'. Below these fields is a link: [¿Vincular a un marcador?](#). At the bottom right, there are two buttons: 'Add Link' and 'Cancelar'.

Nesta fiestra volvemos a ver o campo *Texto del enlace* e a opción de *Nueva ventana*. Neste caso volveremos a deixar o texto tal e como está pero non marcaremos a opción de *Nueva ventana*, xa que, como imos a navegar dentro do noso propio sitio non nos interesa.

Podemos ver que aparecen dous apartados novos: *Wiki* e *Nombre de la Página*.




En *Wiki* aparecerá o nome da nosa *wiki*. Deixarémolo como está xa que o enlace que desexamos é unha páxina da nosa propia *wiki*. En *Nombre de Página* debemos indicar cal é a páxina á que desexamos ir (neste caso a páxina *home*). Si queremos podemos escribir o nome, pero ó facer *click* apareceranos unha lista de páxinas e o único que debemos facer é seleccionar a que nos interese:



Unha vez seleccionada a páxina prememos no botón *Add Link* que temos na parte de abaixo:



e podemos ver que na nosa páxina de Índice aparece ese texto marcado coma un enlace (cambioulle a cor e aparece subliñado):



Si quixésemos que tamén se poidese navegar premendo no debuxo da esquerda (o que ten forma de casa), unicamente debemos facer *click* nel e aparecerán unha serie de opcións:




Unha das opcións pon *Añadir enlace*. Prememos nela e aparecerá a seguinte ventana:




Vemos que é moi parecida á que acabamos de usar. A única diferencia é que agora, ó estar

sobre unha imaxe, non aparece o campo *Texto del enlace*. Repetimos os pasos xa feitos antes co resto dos campos e prememos de novo en *Add Link*. Dese xeito a imaxe tamén nos servirá para navegar.

Repetimos os pasos para as outras entradas do índice:



Agora, cando premamos nun deses enlaces apareceranos a páxina correspondente:



Agora deberíamos facer o mesmo nas páxinas amosadas nas imaxes anteriores para que cada unha das entradas amosadas nas listas apunte á páxina correspondente. Deste xeito podemos facer unha *wiki* que sexa navegable de xeito sinxelo sen ter un menú longo e complicado:

☆ **Administrando a Wiki**

Administrando a wiki.

Na administración da nosa wiki podemos realizar as seguintes tarefas:

- [Invitar a novos membros para que sexan editores](#)
- [Cambiar o logotipo do noso wiki](#)
- [Cambiar o aspecto ou tema da nosa páxina](#)
- [Administrar o contido](#)

Inicio del wiki
Cambios Recientes
Pages and Files
Miembros
Administrar wiki
Buscar wiki
Índice:
Páxina principal
Administrando a Wiki
Editando contidos

8.- Revisar os cambios na páxina.

Lembremos que a característica principal dunha *wiki* é que pode haber máis dun editor facendo modificacións sobre a mesma páxina. ¿Como podemos controlar que cambios fixo cada editor? Si un editor borra algún traballo doutro por erro, ¿podemos recuperar eses datos borrados?

Unha das vantaxes das *wikis* sobre outras ferramentas de creación de contidos é o *control de revisións*. Vexamos como funciona.

8.1.- Control de revisións.

Supoñamos que temos máis dun editor traballando sobre a nosa *wiki*. No exemplo que estamos a seguir invitamos nun punto anterior a outro editor para que puidese colaborar con nós no desenvolvemento da páxina.

Supoñamos que ese outro editor decide modificar unha das páxinas que temos creadas. A nosa páxina *home* tiña este contido creado por nós:

☆ **home**

Benvidos á wiki de probas.

Esta wiki serviranos para ir comezando a traballar con Wikispaces.
Wikispaces é unha ferramenta que nos permitirá crear a nosa propia [wiki](#).

Inicio
Cambios Recientes
Pages and Files
Miembros
Administrar wiki
Buscar wiki

Supoñamos que o outro editor decide modificala e a edita deste xeito:

wiki.' On the right, a sidebar contains navigation links: 'Pages and Files', 'Miembros', 'Administrar wiki', and 'Buscar wiki'."/>

B **I** **U** Normal List Table Link File Widget Table Comment Preview Cancel

Benvidos á wiki de probas.

Esta wiki de proba serviranos para ir comezando a traballar con Wikispaces.
Wikispaces é unha ferramenta web que nos permitirá crear a nosa [wiki](#).

Pages and Files
Miembros
Administrar wiki
Buscar wiki


Non son cambios importantes, pero servirán para ver o que nos interesa, que é o funcionamento das revisións.

Cando calquera dos editores entre na páxina e vexa que cambiou pode revisar os cambios producidos e ver se son correctos. Supoñamos que o editor orixinal chega a páxina e ve que está distinta. Na parte de arriba da mesma ten un pequeno botón que lle permite coñecer os cambios producidos e quen os realizou:



The screenshot shows the top navigation bar of a Wikispaces page. On the left, there is a star icon and the text 'home'. In the center, there are buttons for 'Editar', '0' (comments), '0' (messages), and '3' (changes), with a red arrow pointing to the '3' button. To the right, there is a sidebar menu with options: 'Inicio del wiki', 'Cambios Rec', 'Pages and Fi', 'Miembros', 'Administrar w', and 'Buscar wiki'.

Vemos que esa páxina tivo 3 cambios. Premendo nese botón aparecerá a seguinte páxina:



The screenshot shows the revision history page. At the top, there is a star icon and the text 'home'. In the center, there are buttons for 'Editar', '0' (comments), '0' (messages), and '3' (changes), with a red arrow pointing to the '3' button. Below this, there is a table with the following columns: 'Fecha', 'Compara', 'Autor', and 'Comentario'.

| Fecha | Compara | Autor | Comentario |
|--------------------------------------|------------------------|---------|------------|
| Dec 6, 2012 11:08 pm | select | mmouron | |
| Dec 6, 2012 9:18 pm | select | mikx0 | |
| Dec 5, 2012 5:44 pm | select | mikx0 | |

At the bottom right of the table, there is a page indicator '1 - 3'.

Podemos ver as datas das revisións e o usuario que as realizou. Premendo na data podemos ver os cambios feitos nesa versión da páxina sobre a anterior. Tamén podemos premer no botón *select* que vemos ó lado das datas nunha das versións e logo no mesmo botón doutra versión e o que fará *wikispaces* será amosarnos as diferenzas entre esas dúas versións.


Neste caso vemos que outro editor modificou a páxina case 2 horas despois da última versión do editor anterior. Para coñecer os cambios podemos pulsar no botón *select* das dúas versións ou, como son as dúas últimas, premer directamente na data da última das revisións. Neste caso prememos, por exemplo, no botón *select* da última versión:



This is a close-up of the revision history table. A red arrow points to the 'select' button next to the date 'Dec 6, 2012 11:08 pm'.

| Fecha | Compara | Autor | Comentario |
|--------------------------------------|------------------------|---------|------------|
| Dec 6, 2012 11:08 pm | select | mmouron | |
| Dec 6, 2012 9:18 pm | select | mikx0 | |

A pantalla que sairá será esta:




☆ home Editar 0 0 3 ...

Choose a second revision to compare to Dec 6, 2012 11:08 pm - [reset](#)

| Fecha | Compara | Autor | Comentario |
|----------------------|-------------------------|---------|------------|
| Dec 6, 2012 11:08 pm | | mmouron | |
| Dec 6, 2012 9:18 pm | compare | mikx0 | |
| Dec 5, 2012 5:44 pm | compare | mikx0 | |

1 - 3

Agora podemos premer no botón *compare* de calquera das outras versións para ver os cambios. Eliximos a de dúas horas antes e aparecerá esta pantalla:



☆ home Editar 0 0 3 ...

Comparing mikx0 Today 9:18 pm to mmouron 10 minutes ago

(Eliminado, Insertado) Ver WikiText Revisar Cambios

Benvidos á wiki de probas.

Esta wiki **de proba** serviranos para ir comezando a traballar con Wikispaces.
Wikispaces é unha ferramenta **web** que nos permitirá crear a nosa **propia wiki**.

Vemos que nos di que está a comparar a versión de dous editores, amosando cando se fixeron esas edicións e quen as fixo. En cor verde podemos ver o que engadiu o último editor e en cor vermella o que borrou.

8.2.- Desfacendo os cambios.


Supoñamos que non nos interesan os cambios que introduciu o último editor. O que podemos facer para desfacerlos é volver ó listado de revisións premendo no botón que xa vimos antes:




☆ home Editar 0 0 3 ...

| Fecha | Compara | Autor | Comentario |
|----------------------|------------------------|---------|------------|
| Dec 6, 2012 11:08 pm | select | mmouron | |
| Dec 6, 2012 9:18 pm | select | mikx0 | |

Na pantalla que aparece seleccionamos a versión que nos interesa recuperar:



E aparecerá esta pantalla:



Nesa pantalla podemos ver os cambios desa versión sobre a que había xusto antes dela. Por outra banda, podemos ver un botón na parte dereita que nos permite volver a esta versión desfecendo os últimos cambios. Premendo nese botón volveremos a esta versión.

De todos xeitos, andar facendo e desfecendo cambios nunha páxina ó mellor non é unha boa idea (a non ser que sexa para recuperar unha versión anterior despois dun erro nas modificacións). Se dous editores teñen distintas visións do que debe ser o contido dunha páxina sempre poden discutir os cambios hasta chegar a un acordo.

8.3.- Discutindo cambios.

Na mesma barra de ferramentas que usamos para ver as distintas versións dunha páxina temos outro botón que nos permite discutir os cambios a realizar.



Si prememos nese botón aparecerá a seguinte pantalla:




Nesta pantalla podemos engadir unha nova entrada comentando os posibles cambios a facer. Prememos no botón *Nueva Entrada* e aparecerá a seguinte pantalla:

The screenshot shows the 'Nueva Entrada' form. It has a title bar with 'Nueva Entrada' and a close button. The form contains the following elements: a label 'Asunto' above an empty text input field; a label 'Mensaje' above a large empty text area; a checkbox labeled 'Seguir este tema' which is unchecked; a blue link 'Need help formatting text?'; and two buttons at the bottom: 'Publicar' and 'Cancelar'.


Nesta pantalla escribiremos un título para o nos comentario en *Asunto* e unha mensaxe que queiramos deixar:

The screenshot shows the 'Nueva Entrada' form with the following content: the 'Asunto' field contains the text 'Cambios en home'; the 'Mensaje' field contains the text 'Creo que non se debería engadir o texto "de proba" na primeira liña.'; the 'Seguir este tema' checkbox remains unchecked; the 'Need help formatting text?' link is still present; and the 'Publicar' and 'Cancelar' buttons are at the bottom.

Prememos no botón *Publicar* e aparecerá a seguinte pantalla:




Por outra banda, os demais editores da páxina, se acceden á páxina do seu perfil poderán ver algo coma isto:



Vemos que nos indica que hai unha mensaxe nova doutro editor nesa *wiki*.


Si non miran o seu perfil, os editores poderán ver igualmente que hai unha mensaxe cando entren na páxina:



Premendo nese botón poderán ver a información da mensaxe:



E premendo no *Asunto* poderán ver a mensaxe:



The screenshot shows a forum post on Wikispaces. At the top, there's a star icon and the word "home" underlined. To the right, there's a toolbar with "Editar", a speech bubble icon with "1", a comment icon with "0", a refresh icon with "3", and a menu icon. Below this, there are two buttons: "Volver al foro de debate" and "Seguir Tema". The main title of the post is "Cambios en home". The post is by a user named "mikx0" 6 minutes ago, with a sad face icon. The text of the post says: "Creo que non se debería engadir o texto 'de proba' na primeira liña." Below the post, there's a "Resposta" section with a large empty text area for replying. At the bottom of the reply area, there's a checkbox for "Seguir este tema", a link for "Need help formatting text?", and two buttons: "Publicar" and "Cancelar".

Vemos que na mesma mensaxe podemos publicar unha resposta. Esta é unha ferramenta útil para poñerse de acordo entre editores antes de realizar cambios nunha páxina.

9.- Engadindo diferentes contidos.


Hasta o de agora vimos como editar de xeito básico a nosa *wiki*. Vexamos agora como facer unha edición un pouco máis avanzada engadindo algúns elementos que non sexan unicamente texto.

9.1.- Engadindo ficheiros locais.


Para engadir un ficheiro en calquera das páxinas da nosa *wiki* entraremos no modo edición da mesma e premeremos no botón que pon *File* na barra de ferramentas:



Unha vez pulsado ese botón apareceranos a seguinte pantalla:




Nesa pantalla prememos no botón *+Upload Files* e seleccionamos o ficheiro a subir. Podemos subir ficheiros de calquera tipo (documentos, ficheiros de audio, de vídeo, imaxes, ...). Neste caso vamos a subir unha imaxe co logo de *wikispaces* para engadir na nosa páxina *home*. Seleccionamos entón esa imaxe e apareceranos na pantalla anterior do seguinte xeito:




Podemos subir todos os ficheiros que desexemos, unicamente debemos ter en conta o límite de espazo e de tamaño dos mesmos que nos impón *wikispaces*, e que dependerá do tipo de licencia que teñamos.

Unha vez subidas as imaxes ou documentos que desexemos podemos facer *click* no que desexamos inserir na páxina e xa aparecerá:




Vemos que a imaxe se inseriu e que nos amosa certas opcións (de aliñación, tamaño, ...). Podemos usar esas opcións para axustar como queremos que se vexa e tamén podemos movela co rato. Neste caso deixáremola así:



9.2.- Engadindo imaxes de internet.


Algunhas veces queremos inserir na nosa páxina unha imaxe que obtemos doutra páxina web (ou do resultado dunha busca en algún buscador tipo *google* ou *flickr*).

Supoñamos que nunha páxina chamada *Invitando a usuarios* da nosa *wiki* queremos inserir unha imaxe que faga referencia a ese tema pero non temos ningunha. Facemos unha busca en *google*:




Lembrarse de buscar imaxes que permitan a súa reutilización.


Escolleremos a imaxe sinalada no gráfico anterior. Prememos co botón dereito encima dela e escollemos a opción “*Copiar la ruta del enlace*”:




Volvemos agora á nosa *wiki* e editamos a páxina a modificar. Voltamos a premer no botón xa usado no apartado anterior que pon *File* e apareceranos de novo esta pantalla:




Vemos que seguimos a ter para elixir a imaxe que subimos antes. Neste caso vamos a ir no menú da esquerda á opción *Imagen externa* e aparecerá a seguinte pantalla:




Nesa pantalla pegaremos agora o enlace copiado antes e premeremos no botón *Cargar*. Aparecerá o seguinte:



Vemos que aparece unha miniatura da imaxe que queremos. Faremos agora dobre *click* nesa miniatura e engadirase á nosa páxina:



Ó igual que antes, podemos axustar o tamaño e a posición da mesma para axustala ó que necesitamos:



9.3.- Engadindo *widjets*.

Un *widjet* é un complemento que podemos engadir na nosa páxina que a fai máis atractiva. Dentro dese termo *wikispaces* inclúe moitos compoñentes distintos, desde un vídeo de YouTube a un mapa ou un pase de diapositivas, por exemplo. Vexamos como engadir un vídeo de YouTube, por exemplo.


Buscamos o vídeo que desexamos inserir na nosa páxina en YouTube:

The screenshot shows a YouTube video player. The video title is "Crear página wiki en Wikispaces" by the channel "upobioinfo". The video has 14903 views and 25 likes. Below the video player, there are several buttons: "Me gusta", "Información", "Compartir", "Añadir a", and "Empezar en". A red arrow points to the "Compartir" button.

Unha vez localizado o vídeo prememos no enlace que aparece abaixo e pon *Compartir*. Aparecerá o seguinte na parte inferior da páxina:


The screenshot shows the sharing options for the video. The options are "Compartir este vídeo", "Insertar", "Enviar por correo", and "Hangout". A red arrow points to the "Insertar" button. Below the buttons, there is a text input field containing the URL "http://youtu.be/Q9w1E17N0eQ" and a "Empezar en" field with the value "3:43".

Agora premeremos onde pon *Insertar* e veremos o seguinte:




Nesa pantalla vemos que podemos escoller o tamaño que desexamos que teña o vídeo. Logo seleccionamos o texto do recadro e copiamolo.


Volvemos agora á nosa *wiki* e editamos a páxina na que queremos inserir este vídeo. No modo edición da páxina prememos no botón que pon *Widget*:




Aparecerá a seguinte pantalla:



Vemos que *Wikispaces* ofrece múltiples opciones para inserir *widgets*. Neste caso seleccionaremos la opción de *Video* que aparece na parte esquerda e aparecerá o seguinte:




Danos a escoller entre diferentes servidores de vídeo. Escollemos a primeira opción, xa que o noso vídeo está en YouTube. Aparecerá a seguinte pantalla:




Na parte de abaixo desa pantalla temos un recadro de texto que é donde debemos pegar o código que copiamos antes de YouTube:






Agora podemos premer en *Previsualizar* si queremos ver como vai a quedar o vídeo e, se nos gusta o resultado, premeremos en *Guardar*. Aparecerá o vídeo incrustado nanosa páxina:



No modo edición o que veremos é un recadro que pon *youtube* indicándonos o tamaño e posición que vai a ter o vídeo. Si pulsamos encima dese recadro poderemos ver as opcións do *widget*:




Igual que no caso das imaxes podemos movelo e cambialo de sitio, modificar o tamaño, aliñamento, ...

Gardamos agora a nosa páxina e vemos o resultado final:



Deste xeito podemos engadir vídeos, mapas, documentos de *Google Docs*,Xa vimos antes que se nos amosa unha lista de posibles elementos a engadir. Si o elemento que desexamos engadir non aparece nesa lista temos na parte de abaixo unha opción que pon *Otro HTML*. Ó premer nela aparecerá esta pantalla:



No recadro de texto pegaremos o código que obtemos da nosa páxina para *incrustar* o compoñente e prememos en *Previsualizar* para ver o resultado. Si nos gusta pulsamos en *Guardar* e xa teremos o elemento incrustado na nosa páxina.

10.- Cambiando o aspecto da nosa *wiki*.


Agora que vimos os conceptos básicos de edición da nosa *wiki* vexamos como cambiarlle un pouco a aparencia.

10.1.- Cambiando o *logo*.

Comezaremos por cambiarlle o logo á nosa *wiki*. O logo que pon por defecto *wikispaces* podemos velo na esquina superior esquerda da pantalla:




Para cambialo entramos na opción de *Administrar wiki* que xa vimos en puntos anteriores e que temos no menú da dereita da nosa páxina. Unha vez pulsada esa opción aparécenos a seguinte pantalla:



Nesa pantalla prememos sobre a opción *Aspecto visual* e aparecerá a seguinte pantalla:

The screenshot shows the 'wiki-probas' settings page. It has a dark green header with a small plant icon and the text 'wiki-probas'. The main content area is white and divided into three sections: 'Temas y Colores', 'Hoja de estilo del wiki', and 'Logo'. Each section has a diagram of a wiki page layout, a descriptive paragraph, and a green callout box that says 'Upgrade Now!' and 'Custom [feature] are part of our Plus and higher plans. Upgrades start at \$5 / month.' The 'Logo' section includes a text input field labeled 'New Image File', a button labeled 'Examinar...' (highlighted with a red arrow), and two buttons below: 'Reestablecer al Estado Predeterminado' and 'Guardar'. On the right side, there is a vertical sidebar with navigation links: 'Inicio d...', 'Cambio...', 'Pages', 'Miemb...', 'Admini...', 'Busca...', 'Índ...', 'Páxina...', 'Admin...', and 'Editar...'. The bottom of the page is a grey bar.

Na parte de abaixo vemos a zona para configurar o logo da nosa páxina. Prememos no botón *Examinar* e escollemos a imaxe do logo que teñamos gardada no noso equipo. Logo prememos en *Guardar* e xa teremos o noso novo logo na páxina:




10.2.- Cambiando o tema.


Cambiaremos agora a aparencia da nosa *wiki* modificando o tema da mesma. Para iso imos ó mesmo sitio ó que fomos para modificar o logo, pero agora eliximos a primeira opción:



Facendo *click* nesa opción podemos elixir o tema que desexemos usar na nosa *wiki* de entre un conxunto deles que nos ofrece *wikispaces*:



Facemos *click* no que queiramos usar e na parte de abaixo podemos escoller as cores dese tema e prememos en *Apply* para activalo:



Unha vez activado podemos ver o resultado:


The screenshot shows a web browser displaying a Wikispaces page titled "Wiki en probas". The page has a light green header and sidebar. The sidebar contains navigation links: "Inicio del wiki", "Cambios Recientes", "Pages and Files", "Miembros", and "Administrar wiki", along with a search box. The main content area features a "home" link, a "Benvidos á wiki de probas." message with a tree icon, and a paragraph explaining the purpose of the test wiki. Below the text is a video player with the title "Crear página wiki en Wikispace" and a "More info" link. The video player shows a tutorial for creating a wiki page, with the title "BIOINFORMÁTICA" and a "home" link. The video player also shows a "PÁGINA" tab and a "DISCUSIÓN" tab. The video player has a play button in the center.

Apéndices.

A1.- Bloqueo de páxinas.

Vimos que calquera editor da nosa *wiki* pode modificar as páxinas da mesma. ¿Pero que ocorre si queremos que algunhas páxinas non as poidan modificar os editores?


O creador do *wiki* ten máis permisos que o resto dos editores (aínda que pode elevar o nivel de permisos de calquera outro editor si o desexa). Si estamos a traballar ca *wiki* con un usuario cos privilexios suficientes podemos *bloquear* certas páxinas para que os demais editores non as poidan modificar. O único que temos que facer é ir hasta a páxina que desexamos bloquear e, na barra de ferramentas que aparece enriba dela, premer no botón con tres puntos:



Aparecerá entón o seguinte:



Prememos en *Bloquear* e xa estará a páxina bloqueada para a edición por parte dos editores. Si en editor tenta agora modificar esa páxina verá o seguinte:



Vemos que o botón *Editar* está inutilizado e se poñemos o rato encima del aparece unha mensaxe indicándonos que non temos permisos para modificar esa páxina.

A2.- Wikitexto


Todo o que vimos hasta o de agora foi usando o interface gráfico que nos ofrece *wikispaces*. Ese interface fai que a edición das páxinas sexa un pouco máis sinxela para os usuarios que traballan coa *wiki*.

De todos xeitos, as *wikis* ofrecen unha linguaxe propia para obter certas características sobre o texto introducido de forma máis rápida, introducindo o texto cun formato determinado. Esa linguaxe chámase *wikitexto*.


Vexamos por exemplo a páxina *home* da nosa *wiki*:




Si nos lembramos, nesa páxina introducimos de xeito gráfico unha imaxe, un enlace e un vídeo de YouTube. Si pasamos ó modo edición da mesma vemos o seguinte:



Pois ben, se prememos na frecha que aparece ó lado do botón *Save* apareceranos a opción de cambiar ó editor de *wikitexto*:



Premendo nese botón aparecerá o contido da páxina pero amosado nesa linguaxe propia das wikis:



Parece un pouco complicado, pero para certas cousas é máis rápido usar esta linguaxe que traballar co contorno gráfico. Vexamos un exemplo.

Supoñamos que imos a introducir unha páxina moi longa na nosa *wiki* e que vai a conter unha serie de apartados. Para que lle sexa máis cómodo ós usuarios que nos visiten queremos crear un pequeno índice dentro desa páxina para saltar a cada un dos contidos da mesma (algo parecido ó que xa fixemos no apartado **6.1** deste manual para toda a *wiki* pero agora usándoo unicamente nunha páxina).


Vexamos como facelo usando *wikitexto*. Primeiro crearemos unha nova páxina chamada, por exemplo, *PaxinaLonga*:



The screenshot shows the 'New' page creation interface in Wikispaces. On the left, there is a sidebar with options: 'New Page' (highlighted), 'New Google Doc', 'Upload Files', and 'New Template'. The main area contains the following fields and buttons:


- Nombre de Páxina:** A text input field containing 'PaxinaLonga'.
- Nuevo URL de la página:** A text input field containing 'http://wiki-probas.wikispaces.com/PaxinaLonga'.
- Agregar etiquetas:** An empty text input field.
- Buttons: 'Crear' (highlighted) and 'Cancelar'.

Nada máis premer no botón *Crear* apareceranos o editor para que poidamos comezar a introducir contidos nesa páxina:




The screenshot shows the Wikispaces text editor interface. At the top, there is a toolbar with various icons for text formatting (bold, italic, underline, link), list creation, and other editing functions. The main area is a large, empty text input field for writing the page content.

Facemos entón os pasos indicados máis arriba para activar o editor en modo *wikitexto* e comezaremos escribindo o seguinte ó comezo da páxina:




Vemos que puxemos a palabra *toc* entre dobres corchetes e logo unhas cantas liñas de texto. Esas liñas van a ser os *apartados* ou *seccións* da nosa páxina. Agora debemos aplicarlle formato a esas liñas. As que sexan *apartados principais* aplicaremoslle o formato **Heading 1**, ós *subapartados* aplicaremoslle o estilo **Heading 2**, ós *sub-subapartados* o **Heading 3** e así sucesivamente. Podemos tamén indicar o nivel 1 con un símbolo = ó principio e ó final da liña, o nivel 2 con dous símbolos (==), O resultado quedará así:



Agora prememos *Save* para ver o resultado e vemos o seguinte:



Podemos ver como se xerou de xeito automático o menú de navegación dentro da páxina. Si agora volvemos a editar a nosa páxina podemos traballar con ela de xeito normal, o único que teremos será un pequeno recadro a un lado indicándonos que ten un menú de navegación:




Para máis información de todas as opcións que nos ofrece o *wikitexto* podemos ver a propia axuda que nos ofrece *wikispaces* sobre o mesmo na páxina <http://help.wikispaces.com/Wikitext>.

A3.- Modelos.


Ás veces interésanos manter unha certa homoxeneidade nas páxinas da nosa *wiki*. Supoñamos por exemplo que queremos facer unha *wiki* sobre libros e queremos que todas as entradas teñan a mesma estrutura. Para que os editores sigan esa estrutura o mellor é crear un *modelo* de páxina que logo os editores van a utilizar para introducir os contidos.

O primeiro que faremos será ir ó menú de crear unha nova páxina, pero desta vez elixiremos o menú *New Template*:




The screenshot shows the 'New' menu interface. On the left, a list of options includes 'New Page', 'New Google Doc', 'Upload Files', and 'New Template', which is highlighted with a blue bar. On the right, there is a form with the following elements: a label 'Nombre de la plantilla' above an empty text input field; a label 'Crear de Página' above a dropdown menu with the text 'Find a page:'; and two buttons at the bottom, 'Crear' and 'Cancelar'.

Escribiremos o nome do modelo a crear e premeremos en *Crear*:



This screenshot is similar to the previous one, but the text 'ModeloLibros' is now entered into the 'Nombre de la plantilla' input field. A red arrow points to the 'Crear' button.


Apareceranos a pantalla de edición de páxinas. Crearemos unha nova páxina como xa vimos nos apartados anteriores e salvaremosa:




Neste caso aproveitamos que xa vimos o tema das táboas de contidos e creamos unha páxina que conteña unha. Unha vez salvada apareceranos a seguinte pantalla:




Onde podemos ver que se salvou o noso modelo. Agora, cando un editor queira crear unha nova páxina sobre un libro irá ó menú para crear unha nova páxina e apareceralle o seguinte:



Premeremos na frecha onde di *Usar una plantilla* e apareceranos o seguinte:



Escollemos o noso modelo e prememos en *Crear*. Apareceranos a nova páxina para editar, pero cos contidos do noso modelo xa postos:



Deste xeito unicamente teremos que cubrir os diferentes apartados e gardar, co que todas as páxinas da nosa *wiki* relacionadas con libros terán a mesma aparencia:

☆ Libro de proba

[Editar](#) 0 0 2 ...

Categoría
Literatura Universal - Teatro

Datos do libro

Título
Hamlet

Autor
William Shakespeare

Editorial
Alianza Editorial

Ano de publicación
2009

Sinopse

Obra na que brilla con especial forza o xenio de William Shakespeare (1564-1616), a traxedia de Hamlet traza o admirable retrato dun lendario príncipe de Dinamarca soñador, contemplativo, sumido en dúbidas e irresolucións, que, obrigado a esclarecer os motivos que levaron á morte do seu pai, sucumbe ante a...

Comentarios
...

Table of Contents

- [Categoría](#)
- [Datos do libro](#)
- [Título](#)
- [Autor](#)
- [Editorial](#)
- [Ano de publicación](#)
- [Sinopse](#)
- [Comentarios](#)

